

CARACTERÍSTICAS DO CONCURSO

Consistirá en traballar en equipo 10 actividades, maioritariamente manipulativas, que abarcarán distintas ramas das matemáticas impartidas nos dous ciclos de secundaria obrigatoria.

Para superar estas actividades necesitarase utilizar a intuición, a exploración, a planificación e o reconto, a decisión e a revisión do camiño a seguir, a utilización de coñecementos previos, a dedución..., recursos nos que se fundamenta o ser e o proceder das matemáticas.

A proba celebrarase o mércores 12 de maio (Día Escolar das Matemáticas), na Praza da Quintana, de 10 a 12 horas. É preciso acudir ás 9 horas co obxecto de organizar o concurso e as actividades que terán lugar ata as 14 horas.

BASES

Cada centro de ensino secundario que se inscriba presentará un equipo de 6 alumnos/as de entre 12 e 16 anos, tres de cada ciclo de secundaria. Dous profesores/as do centro acompañarán aos alumnos.

O equipo de 6 alumnos, formado por dous alumnos de cada centro terá a súa disposición unha mesa de traballo xunto co material necesario.

Os profesores acompañantes de cada equipo permutaranse, facendo labores de control e recollida de resultados con outros equipos, polo que en cada mesa estarán dous profesores dun instituto distinto dos alumnos que conforman o equipo.

Formarase unha comisión avaliadora de 5 profesores/as.

En cada equipo, un/unha dos/as participantes actuará como portavoz e será o único interlocutor/a válido cos profesores/as da mesa e cos da comisión.

En cada mesa colocarse un panel informativo, ou semellante, que constará de:

- Enunciado de cada actividade.
- Puntuación parcial e total da mesma.

O concurso terá unha duración de dúas horas exactamente.

A puntuación e resolución da comisión avaliadora non será cuestionable.

Calquera comportamento considerado inapropiado de calquera dos compoñentes levará á descualificación do equipo participante.

Para formar a comisión avaliadora e dar as instrucións pertinentes xuntarémonos todos ás 9:00 horas no lugar de celebración do concurso.

PREMIOS

Os tres primeiros equipos clasificados recibirán un trofeo e un pequeno agasallo.

Así mesmo entregárase un diploma a todos os participantes.

INSCRIPCIÓN

O número de prazas será limitado e o criterio de selección será a orde de chegada das solicitudes, sen superar os 20 grupos.

Os centros participantes deberán cubrir a folla de inscrición e remitila por fax, correo electrónico ou correo postal:

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Departamento de Educación
 Praza do Obradoiro nº 1
 15.705 Santiago de Compostela
 Tfnos.: 981 554400 /554401
 Fax: 981 571 511
 dptoeducacion@santiagodecompostela.org

A data límite de inscrición será o 23 de abril de 2010.

Por outra banda ese mesmo día e continuando coa celebración do Día Escolar das Matemáticas faremos un Paseo Matemático que consistirá nun percorrido por algunhas das prazas e lugares emblemáticos da cidade cercanos á praza da Quintana onde se desenvolverá o concurso. Neste paseo participará o profesorado de secundaria e permitíralles observar a cidade como un recurso para abordar conceptos e propiedades matemáticas dende unha perspectiva innovadora.



FOLLA DE INSCRIPCIÓN

Enderezo completo do centro.....

Teléfono de contacto

Correo electrónico

Nome dos/as profesores/as acompañantes:

1.

2.

Nomes dos alumnos/as:

1º CICLO

1º:

2º:

3º:

2º CICLO

4º:

5º:

6º:

Don/Dona

director/a do centro

de.....



autorizo a participar ao citado equipo no CONCURSO DE ENXEÑO E ENTRETENIMENTO MATEMÁTICO 2010, organizado con motivo do DÍA ESCOLAR DAS MATEMÁTICAS, e certifico que o curso ao que pertence o/a alumnado/a é correcto nos 6 casos.


.....a..... de de 2010

O/A Director/a

Os/As profesores/as acompañantes

O/A alumno/a





**SANTIAGO DE
COMPOSTELA
12 DE MAIO
2010
PRAZA DA
QUINTANA**



O vindeiro 12 de maio celébrase o Día Escolar das Matemáticas. Esta data quere ser un intento por acadar unha maior presenza das matemáticas no conxunto da sociedade e dar un impulso ao seu ensino.

Con estes mesmos obxectivos a Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA) en colaboración co Departamento de Educación do Concello de Santiago convocan un ano máis o Concurso de Enxeño e Entretemento Matemático no que vos animamos a participar.



**SANTIAGO DE
COMPOSTELA
12 DE MAIO
2010
PRAZA DA
QUINTANA**

